

**DESCUBRINDO DEZA**  
**NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ARTIGOS ORIXINAIS PARA**  
**O ANUARIO DESCRUBRINDO Nº17**

**TEMÁTICA:** Recolleranse traballos de investigación inéditos, incluída a edición de fontes, redactados en calquera idioma, que se refiran á Comarca de Deza, sendo esta a única limitación temática dos mesmos. Enténdase por inédito, un texto que foi escrito pero non publicado.

Non se incluírán aqueles artigos de marcado carácter subxectivo ou de opinión.

Todas as opinións consignadas nos artigos serán responsabilidade do propio autor, sen que o SED se faga responsable, en ningún caso, da credibilidade e autenticidade dos traballos.

O Consello e Redacción velará pola adaptación dos artigos ás normas e pola súa calidade científica, indicándolle aos autores as modificacións ou suxestións que se estimen oportunas para posibilitar a inclusión das mesmas no volume.

**DATA LÍMITE DE ENTREGA:** o 31 de agosto.

**SEPARATAS E EXEMPLARES:** A cada artigo corresponden dous exemplares da revista e dez separatas, con independencia do número de autores que participen nel.

**NORMAS DE ENTREGA DE ORIXINAIS PARA PUBLICACIÓN**

1.- A entrega dos traballos para a publicación implica a cesión do seu dereito de explotación e copia.

Esta cesión ten por finalidade a protección do interese común de autores e editores.

2.- O texto deberá entregarse en versión definitiva. Unha vez recibidos os orixinais non se permitirá facer modificacións nin engadidos que afecten significativamente ao proceso de edición.

3.- O corpo utilizado nos parágrafos normais do texto será 12, Times New Roman, con entreliñamento 1'5 e cunha extensión máxima de 20 páxinas (imaxes incluídas).